

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**7970** *Real decreto 638/2014, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da carreira diplomática.*

A Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, promulgouse, como expresamente sinala o seu artigo primeiro, con obxecto de regular a acción exterior do Estado, enumerar os seus principios reitores, identificar os seus suxeitos e os ámbitos, establecer os instrumentos para a súa planificación, seguimento e coordinación e ordenar o servizo exterior do Estado, para asegurar a coordinación e coherencia do conxunto de actuacións que a constitúen e a súa suxeición ás directrices, fins e obxectivos da política exterior. No seu título III, a lei efectúa unha delimitación do servizo exterior do Estado, integrado polos órganos, as unidades administrativas, as institucións e os medios humanos e materiais da Administración xeral do Estado que actúan no exterior, con especial referencia ao persoal do servizo exterior do Estado, entre cuxos compoñentes se encontran os funcionarios da carreira diplomática, con funcións de natureza política, diplomática e consular atribuídas de maneira exclusiva.

Unha novidade lexislativa de tanta significación aconsella acometer unha clarificación e unificación dalgúns aspectos do estatuto destes funcionarios, fortemente condicionado polo seu réxime de obrigada mobilidade fóra de España e, en particular, da normativa existente sobre ascensos e provisión de postos de traballo. Como consecuencia diso, o presente regulamento derroga expresamente, entre outras disposicións, o Decreto do 15 de xullo 1955, polo que se aproba o Regulamento orgánico da carreira diplomática, que practicamente non resultaba aplicable, así como o Real decreto 674/1993, do 7 de maio, sobre provisión de postos de traballo no estranxeiro e ascensos dos funcionarios da carreira diplomática. Así mesmo, resulta conveniente, en desenvolvemento das previsións contidas no artigo 14 e no punto 8 do artigo 54 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, regular os aspectos fundamentais da formación dos diplomáticos, moi influída polo desempeño de postos de traballo no estranxeiro.

Ben que a natureza deste regulamento determina que o seu contido sexa certamente heteroxéneo, procurouse non reiterar aquilo que xa está expresamente previsto nas disposicións reguladoras da función pública da Administración xeral do Estado. Por conseguinte, a regulación plena do réxime xurídico dos funcionarios da carreira diplomática debe ser necesariamente o resultado da integración das ditas disposicións e deste regulamento.

Comeza o regulamento cunhas breves disposicións xerais e, posteriormente, aborda o réxime de ascensos na carreira diplomática, carreira estruturada en diversas categorías de acordo co establecido no Convenio sobre relacións diplomáticas do 18 de abril de 1961. A este respecto, detállanse os requisitos necesarios para o ascenso ás respectivas categorías, con especial referencia ao ascenso ás de conselleiro de embaixada e de ministro plenipotenciario de terceira clase, onde se introducen toda unha serie de novos requisitos, xa que, alén dos de antigüidade e de desempeño de postos no estranxeiro previstos anteriormente con carácter xeral, se exige ter superado un curso específico de ascenso, requisito este absolutamente novo e que ten como obxecto reforzar os coñecementos dos membros desas categorías con vistas a unha eventual designación como xefe de misión. Con iso preténdese garantir que accedan de forma obxectiva aos postos superiores da escala da carreira diplomática os funcionarios que contan coa suficiente experiencia e formación.

Neste ámbito, o regulamento ordena, dun modo particular, o ascenso á categoría de embaixador, que lle corresponde de forma discrecional ao Consello de Ministros por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, reservado, con carácter

xeral, a aqueles membros da carreira diplomática que, tendo a categoría de ministro plenipotenciario de primeira clase, se encontren en activo e desempeñasen unha xefatura de misión diplomática ou outro alto cargo na Administración xeral do Estado.

No que se refire á provisión de postos de traballo no estranxeiro reservados aos funcionarios da carreira diplomática, cuxa especificidade está prevista na letra b) do punto primeiro do artigo 1 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, o regulamento regula con detalle o procedemento, con especial referencia aos requisitos dos candidatos, así como aos elementos que se vaian valorar neles. Quérese avanzar na determinación dos requisitos de idoneidade dos candidatos a postos concretos dunha forma obxectiva e recoñecendo o esforzo, dedicación e méritos dos funcionarios diplomáticos.

Xunto coa regulación da convocatoria xeral para a provisión de postos de traballo no estranxeiro reservados aos funcionarios da carreira diplomática, que se realizará todos os anos antes do 15 de febreiro, o regulamento establece a posibilidade de efectuar convocatorias especiais para a provisión daqueles postos de traballo vacantes no estranxeiro que, por necesidades do servizo, deban ser cubertos antes da convocatoria xeral, e insistir, polo tanto, na transparencia e na previsibilidade de todo o sistema.

O regulamento regula a Xunta da Carreira Diplomática, órgano colexiado asesor do subsecretario e do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación sobre cuestións relativas á carreira diplomática e, particularmente, sobre o réxime de ascensos e de provisión de postos de traballo no exterior, ámbitos nos cales a Xunta posúe unha importante facultade de proposta das decisións que lle corresponden ao ministro. Mantense, en consecuencia, este importante órgano asesor, que demostrou a súa importancia fundamental ao longo das últimas tres décadas e sobre o cal descansa en gran parte a maioría das disposicións do presente regulamento.

Así, ao igual que no Real decreto 674/1993, do 7 de maio, sobre provisión de postos de traballo no estranxeiro e ascensos dos funcionarios da carreira diplomática, o presente regulamento garante a intervención na Xunta da Carreira Diplomática dos representantes elixidos por e entre os funcionarios integrantes das distintas categorías, asegurando que os intereses e as aspiracións de todas elas estean debidamente representados.

Dedícase un capítulo neste regulamento á regulación do procedemento de provisión de postos de traballo de libre designación nos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. A regulación axústase, basicamente, ao establecido no Estatuto básico do emprego público e nas disposicións reguladoras da función pública da Administración xeral do Estado sobre a libre designación. Prevese a celebración dunha convocatoria xeral, de carácter anual, para cubrir os postos que queden vacantes como consecuencia da resolución do procedemento de provisión de postos de traballo no estranxeiro. Así mesmo, o regulamento establece, como especialidade, a posibilidade de constituír grupos de traballo co fin de valorar adecuadamente os méritos dos funcionarios que participen neste procedemento. Con iso preténdese mellorar os procedementos existentes na actualidade facilitándolles aos funcionarios diplomáticos avanzar na súa especialización, tamén a través do seu desempeño profesional nos servizos centrais.

O capítulo VI do regulamento, referido á designación dos xefes de misión diplomática, desenvolve as previsións do artigo 44.4 da Lei da acción e do servizo exterior do Estado, no cal se establece que os embaixadores extraordinarios e plenipotenciarios, os embaixadores representantes permanentes e os encargados de negocios con cartas de gabinete serán designados entre funcionarios da carreira diplomática na forma que regulamentariamente se determine, sen prexuízo de que o Goberno, en exercicio da súa potestade discrecional, poida designar como embaixadores persoas non pertencentes á carreira diplomática.

Para estes efectos, o regulamento prevé a intervención dun grupo de traballo presidido polo subsecretario de Asuntos Exteriores e de Cooperación, na súa calidade de xefe da carreira diplomática, que lle presentará ao ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación,

sen carácter vinculante, unha terna de diplomáticos para ocupar as xefaturas de misión que se prevea cubrir a través deste procedemento. Regúlanse con detalle os requisitos que deben reunir os candidatos en función do grupo en que se encontre clasificada cada misión diplomática ou representación permanente, así como os criterios de competencia profesional e experiencia que se vaian valorar naqueles. Preténdese así conseguir unha maior profesionalización dos xefes de misión dotando a súa designación de publicidade, transparencia e previsibilidade, en liña coa práctica doutros servizos exteriores do noso contorno pero sen reducir, en ningún caso, a potestade discrecional do Goberno.

Finalmente, o regulamento aborda a formación dos funcionarios da carreira diplomática, diferenciando a formación específica dos que son destinados a un posto no estranxeiro e a formación continua que corresponde e é exixible a todos os seus compoñentes. Neste ámbito, faise unha particular referencia á Escola Diplomática como centro de formación destes funcionarios que se deben adaptar ás novas realidades dunha comunidade internacional en constante mutación, e aos cambios nas formas e métodos de comunicación, de forma que estean en condicións de atender as necesidades e expectativas da sociedade española, o que só se pode lograr a través da actualización dos coñecementos e das técnicas de xestión e dirección. Esa formación continua ten o seu correspondente reflexo no sistema de ascensos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de xullo de 2014,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento da carreira diplomática.*

Apróbase o Regulamento da carreira diplomática, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

2. En particular, quedan expresamente derogadas as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 674/1993, do 7 de maio, sobre provisión de postos de traballo no estranxeiro e ascensos dos funcionarios da carreira diplomática.

b) O Real decreto 571/1982, do 17 de marzo, polo que se regula o sistema de ingreso na carreira diplomática.

c) O Decreto do 15 de xullo 1955, polo que se aproba o Regulamento orgánico da carreira diplomática.

3. Tras a entrada en vigor deste real decreto, manterá a súa vixencia a seguinte disposición:

a) A Orde do 3 de outubro 1997 pola que se establecen normas sobre uniformes da carreira diplomática.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1475/1987, do 27 de novembro, polo que se reorganiza a Escola Diplomática.*

Modifícase o punto un do artigo 2 do Real decreto 1475/1987, do 27 de novembro, polo que se reorganiza a Escola Diplomática, que queda redactado da seguinte maneira:

«Un. A Escola Diplomática é o centro de formación especializado en relacións internacionais, dependente do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación que ten, entre outras, as seguintes funcións:

1.º A formación profesional a través dun curso selectivo dos funcionarios en prácticas que superasen a oposición de ingreso á carreira diplomática.

2.º A formación continua dos membros da carreira diplomática a través de cursos de actualización e actividades docentes en áreas do seu interese.

3.º Os cursos de ascenso de categoría dos funcionarios da carreira diplomática.

4.º Os cursos de especialización para ocupar postos no exterior e os relativos á formación para o ingreso no Servizo Europeo de Acción Exterior.

5.º O ensino especializado de idiomas.

6.º A realización doutros cursos e actividades académicas de interese na área das relacións exteriores.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do presente real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de xullo de 2014.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## REGULAMENTO DA CARREIRA DIPLOMÁTICA

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto do regulamento.*

1. O presente regulamento ten por obxecto regular o réxime de ingreso, ascensos, provisión de postos e formación dos funcionarios da carreira diplomática.

2. En todo o non previsto neste regulamento será de aplicación o previsto con carácter xeral na lexislación para os funcionarios da Administración xeral do Estado.

##### Artigo 2. *Os funcionarios da carreira diplomática.*

Os funcionarios da carreira diplomática, que se someten a un réxime de obrigada mobilidade fóra de España, constitúen o corpo da Administración xeral do Estado, adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, ao cal pola súa preparación específica lle están encomendadas as funcións de natureza política, diplomáticas e consulares, de acordo co establecido polos convenios internacionais en vigor, polo que os postos que teñan atribuídas as ditas funcións se adscriben con carácter exclusivo aos ditos funcionarios.

##### Artigo 3. *Ingreso no corpo de funcionarios da carreira diplomática.*

O ingreso no corpo de funcionarios da carreira diplomática realizarase por oposición, de acordo coa oferta de emprego público e a convocatoria correspondente publicada no «Boletín Oficial del Estado».

##### Artigo 4. *Categorías.*

1. As categorías da carreira diplomática son as seguintes:

Embaixador.

Ministro plenipotenciario de primeira clase.

Ministro plenipotenciario de segunda clase.

Ministro plenipotenciario de terceira clase.

Conselleiro de embaixada.

Secretario de embaixada de primeira clase.

Secretario de embaixada de segunda clase.

Secretario de embaixada de terceira clase.

2. O subsecretario de Asuntos Exteriores e de Cooperación, na súa calidade de xefe da carreira diplomática, terá durante o desempeño do seu cargo a categoría e honras de embaixador.

### CAPÍTULO II

#### O ascenso na carreira diplomática

##### Artigo 5. *Escala.*

1. A escala dos funcionarios da carreira diplomática, composta polas categorías establecidas no artigo 4, formarase situando os funcionarios dentro de cada categoría por orde de antigüidade.

2. O cómputo da antigüidade dentro de cada categoría efectuarase desde a data de ascenso ou ingreso nela.

3. A composición numérica das diferentes categorías da carreira diplomática fixarase e modificarase, se é o caso, por orde do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Artigo 6. *Funcionarios de novo ingreso.*

Os funcionarios de novo ingreso na carreira diplomática farano na categoría de secretario de embaixada de terceira clase e pola orde de aprobados no respectivo proceso selectivo para ingreso na carreira diplomática.

Artigo 7. *Ascensos dentro da categoría.*

Os funcionarios da carreira diplomática, calquera que sexa a súa situación administrativa, coa excepción da situación de suspensión de funcións cando esta for firme, ascenderán dentro da súa categoría pola orde en que figuren na escala.

Artigo 8. *Ascenso entre categorías.*

A excepción dos ascensos á categoría de embaixador, as vacantes que se produzan nas demais categorías serán cubertas anualmente por orde do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por proposta da Xunta da Carreira Diplomática, por maioría absoluta dos seus membros, por funcionarios da categoría inmediatamente inferior en situación de servizo activo, servizos especiais, excedencia voluntaria por coidado de familiares ou excedencia por violencia de xénero que, sen prexuízo do disposto nos artigos seguintes, serán tomados en consideración segundo a orde en que figuren na escala.

Artigo 9. *Requisitos para o ascenso ás categorías de secretario de embaixada de primeira clase e conselleiro de embaixada.*

1. Para o ascenso á categoría de secretario de embaixada de primeira clase, os funcionarios da carreira diplomática propostos deberán ter prestado un ano en situación de servizo efectivo no estranxeiro.

2. Para o ascenso á categoría de conselleiro de embaixada deberán ter prestado tres anos de servizo efectivo no estranxeiro e, deles, ao menos un nun posto C ou C especial, así como ter superado o correspondente curso de ascenso a conselleiros organizado pola Escola Diplomática.

Artigo 10. *Requisitos para o ascenso á categoría de ministro plenipotenciario de terceira clase.*

1. Para o ascenso á categoría de ministro plenipotenciario de terceira clase os funcionarios da carreira diplomática propostos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter prestado ao menos cinco anos en situación de servizo efectivo no estranxeiro.  
b) Ter ocupado durante ao menos dous anos un posto de nivel 29 ou 30 na Administración xeral do Estado ou ter desempeñado a xefatura dun consulado xeral, a segunda xefatura nunha misión diplomática ou representación permanente ou consulado xeral.

c) Ter superado o curso de ascenso á categoría de ministro plenipotenciario de terceira clase seguido na Escola Diplomática.

2. Non se requirirá tempo de servizo no estranxeiro adicional ao previsto no punto 1 para o ascenso a ministro plenipotenciario de segunda ou de primeira clase.

Artigo 11. *Período mínimo de servizo activo no estranxeiro.*

Excepcionalmente, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por proposta da Xunta da Carreira Diplomática, poderá eximir un funcionario da carreira diplomática dos períodos mínimos de servizo activo no estranxeiro establecidos nos artigos anteriores

para efectos de ascenso a unha categoría superior cando o funcionario prestase os seus servizos ou deba seguir prestándoos nas administracións públicas, na Casa da Súa Maxestade o Rei, nos órganos constitucionais, nas institucións da Unión Europea ou nun organismo internacional.

Artigo 12. *Funcionarios en situación de servizos especiais.*

Para efectos do disposto nos artigos anteriores, o tempo que os funcionarios da carreira diplomática permanezan na situación de servizos especiais considerárase como de servizo activo prestado no estranxeiro cando alí se exercesen as funcións ou se desempeñase o cargo correspondente.

Artigo 13. *Ascenso á categoría de embaixador.*

As vacantes que se produzan na categoría de embaixador cubriranse discrecionalmente mediante real decreto do Consello de Ministros, por proposta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, entre funcionarios da categoría de ministro plenipotenciario de primeira clase que se encontren en situación de servizo activo ou servizos especiais e desempeñasen unha xefatura de misión diplomática ou outro alto cargo na Administración xeral do Estado.

### CAPÍTULO III

#### A provisión de postos de traballo no estranxeiro

Artigo 14. *Normas xerais.*

1. Os postos de traballo no exterior adscritos en exclusiva aos funcionarios da carreira diplomática proveranse mediante o procedemento de libre designación, logo de proposta non vinculante da Xunta da Carreira Diplomática.

Non será preceptiva a proposta da Xunta da Carreira Diplomática para a provisión dos postos de traballo no estranxeiro reservados aos funcionarios da carreira diplomática que se determinen na convocatoria.

Á provisión dos ditos postos seranlles aplicables as demais normas e condicións xerais para a provisión de postos de traballo no estranxeiro contidas neste capítulo.

2. Os funcionarios nomeados conforme o punto anterior poderán ser cesados discrecionalmente en calquera momento, logo de comunicación á Xunta da Carreira Diplomática.

3. Os postos de traballo a que se refire o presente artigo, no mes de outubro de cada ano, serán clasificados polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, oída a Xunta da Carreira Diplomática, en catro clases, A, B, C e C especial, de acordo coas súas circunstancias obxectivas. Tales circunstancias serán, entre outras, a situación política, social e económica do país de destino, as condicións de salubridade, o eventual grao de perigosidade, o afastamento e a dificultade de comunicación co territorio nacional.

Esta clasificación poderá ser modificada en calquera momento polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, oída a Xunta da Carreira Diplomática, se as circunstancias antes mencionadas experimentan cambios importantes. As modificacións na clasificación non afectarán os funcionarios que ocupen os postos correspondentes no momento de se producir o cambio.

Artigo 15. *Períodos de desempeño dos postos de traballo no estranxeiro.*

1. Sen prexuízo do establecido no punto segundo do artigo 14, os períodos de desempeño dos postos de traballo no estranxeiro serán os seguintes:

- a) Nos postos da clase A, un mínimo de tres anos e máximo de cinco.
- b) Nos postos da clase B, un mínimo de tres anos e un máximo de catro.

- c) Nos postos da clase C, un mínimo de dous anos e un máximo de tres.
- d) Nos postos da clase C especial, un mínimo dun ano e un máximo de dous.

2. Nos postos C e C especial, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por petición do interesado e oída a Xunta da Carreira Diplomática, poderá conceder unha prórroga dun ano.

3. Excepcionalmente, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por solicitude do interesado, oída a Xunta da Carreira Diplomática e por causas debidamente xustificadas de carácter persoal, poderá deixar sen efecto os períodos mínimos de permanencia nos postos no estranxeiro. O funcionario que pola dita causa cese no seu posto de traballo será destinado aos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

#### Artigo 16. *Límites e condicións.*

1. Os funcionarios da carreira diplomática que ocupen un posto da clase C ou C especial non poderán ser destinados con carácter forzoso a outro posto da clase C ou C especial.

2. Os funcionarios da carreira diplomática que ocupen un posto da clase A non poderán ser destinados a outro da mesma clase.

3. Os funcionarios da carreira diplomática non poderán desempeñar consecutivamente dous postos no mesmo país estranxeiro.

4. Os funcionarios da carreira diplomática non poderán desempeñar de forma consecutiva postos no estranxeiro por un período de tempo superior a nove anos.

5. Os funcionarios da carreira diplomática non poderán ser destinados de España ao estranxeiro, excepción feita do seu primeiro destino, sen ter prestado servizos durante un mínimo de dous anos consecutivos e inmediatamente anteriores en España.

6. Os funcionarios que ingresen na carreira diplomática serán destinados, de acordo coas necesidades do servizo, aos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación ou ao estranxeiro.

Os ditos funcionarios serán destinados ao estranxeiro no prazo máximo de catro anos desde o seu ingreso e deberán participar para tal efecto durante ese período en todas as convocatorias de provisión de postos de traballo no estranxeiro.

7. Os funcionarios da carreira diplomática non poderán permanecer en servizo activo en España por períodos superiores a oito anos sen seren destinados ao estranxeiro, salvo no caso de prórroga acordada polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de oficio ou por instancia do interesado, oída a Xunta da Carreira Diplomática. A prórroga terá unha duración máxima de dous anos.

Excepcionalmente, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por instancia do interesado ou de oficio e oída a Xunta da Carreira Diplomática, poderá acordar ulteriores prórrogas nas mesmas condicións.

#### Artigo 17. *Manifestación da intención de participar no procedemento.*

No curso do mes de xaneiro de cada ano, os funcionarios da carreira diplomática que desexen ser destinados a outro posto no estranxeiro, sempre que teñan cumprido o día 30 do seguinte mes de xuño o período mínimo de permanencia nos postos que ocupen, así como os que ocupen os postos sinalados no artigo 24 e desexen participar na convocatoria do citado ano, comunicaranllo por escrito á Dirección Xeral do Servizo Exterior do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

#### Artigo 18. *Convocatoria.*

1. Antes do 15 de febreiro de cada ano, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, oída a Xunta da Carreira Diplomática, iniciará o procedemento para a provisión de postos no estranxeiro reservados aos funcionarios da carreira diplomática.



2. Na convocatoria constará a relación dos postos de traballo vacantes no estranxeiro que, de acordo coas necesidades do servizo, deban ser provistos antes do día 30 do seguinte mes de xuño, a clasificación de cada un deles a que se refire o artigo 14, a categoría que para desempeñalos deban ter os funcionarios da carreira diplomática, así como os complementos de destino e específico de cada posto.

3. Ademais de divulgarse de acordo co establecido no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, a Dirección Xeral do Servizo Exterior do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación comunicará a convocatoria a todas as misións diplomáticas, representacións permanentes, oficinas consulares de España e aos órganos superiores e directivos do departamento para a súa difusión entre os funcionarios da carreira diplomática.

#### Artigo 19. *Solicitudes.*

1. Os funcionarios da carreira diplomática que deban cesar no seu posto por cumpriren o día 30 do seguinte mes de xuño o prazo máximo de permanencia neste ou por teren cursado a comunicación a que se refire o artigo 17, así como aqueles que estean temporalmente destinados nos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por térense encontrado con posterioridade ao 31 de xaneiro do ano anterior na situación a que se refire o artigo 25, presentarán a súa solicitude de novo destino dentro dos seguintes prazos do ano da convocatoria:

- a) Antes do 8 de marzo se pertencen á categoría de embaixador, ministros plenipotenciarios de primeira e de segunda clase.
- b) Antes do 10 de marzo se pertencen ás categorías de ministros plenipotenciarios de terceira clase e conselleiros.
- c) Antes do 18 de marzo se pertencen á categoría de secretarios de embaixada de primeira clase.
- d) Antes do 21 de marzo se pertencen á categoría de secretarios de embaixada de segunda e de terceira clase.

2. Na solicitude indicarán, por orde de preferencia, cinco postos de traballo entre os incluídos na convocatoria aos cales desexen ser destinados e especificarán os seus méritos en relación cos elementos a que se refire o artigo seguinte.

Dentro das cinco preferencias poderán tamén expresar o seu desexo de permanecer ou seren destinados aos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Poderán incluír na solicitude dous postos máis de entre aqueles para cuxa provisión non sexa preceptiva a proposta da Xunta da Carreira Diplomática.

3. Os funcionarios que indiquen menos de cinco postos de traballo na súa solicitude e cuxas preferencias non fosen atendidas poderán ser destinados a calquera outro posto, sen que eses destinos teñan a consideración de forzosos.

4. Os matrimonios e parellas de feito constituídas por funcionarios da carreira diplomática e mais aqueles funcionarios da carreira diplomática que teñan fillos en común e soliciten postos na mesma localidade poderán vincular as ditas solicitudes e desistir da súa solicitude aos postos asignados no caso de non obtiren os dous funcionarios o posto solicitado na mesma localidade, salvo que se trate dunha asignación de destino con carácter forzoso.

No caso de que os ditos funcionarios pertencen a diferentes categorías, a entrega de ambas as solicitudes poderase realizar na data límite establecida para a categoría inferior.

#### Artigo 20. *Elementos que hai que valorar no procedemento.*

Para a elaboración da proposta de provisión de postos de traballo no estranxeiro reservados aos funcionarios da carreira diplomática, a Xunta da Carreira Diplomática terá

en conta, ademais do disposto nos artigos 16 e 19 deste regulamento, os seguintes elementos de xuízo valorados no seu conxunto:

- a) A folla de servizos do funcionario.
- b) A especial preparación do funcionario para o desempeño do posto de que se trate.
- c) A antigüidade no servizo.
- d) Os postos que o funcionario desempeñase con carácter forzoso, así como o desempeño de postos C especial.
- e) Os coñecementos de idiomas do funcionario.

#### Artigo 21. *Destinos forzosos.*

1. Salvo no suposto establecido no punto 3 do artigo 19 deste regulamento, cando un funcionario que participase no procedemento de provisión de postos de traballo no estranxeiro reservados aos funcionarios da carreira diplomática sexa destinado a un posto que non solicitou, o dito destino terá a consideración de forzoso.

2. O carácter forzoso do seu destino farase constar na folla de servizos do funcionario para os efectos do disposto na letra d) do artigo anterior.

#### Artigo 22. *Nomeamentos.*

Con data límite do 20 de abril de cada ano, a Dirección Xeral do Servizo Exterior publicará os novos destinos dos funcionarios da carreira diplomática, que terá efecto desde o 30 de xuño do mesmo ano, data a partir da cal se iniciará o cómputo do prazo de cesamento regulamentario.

#### Artigo 23. *Convocatorias especiais.*

1. Para prover os postos de traballo de nova creación, os que quedasen vacantes na convocatoria anual e os que quedan vacantes entre o 15 de febreiro dun ano e o 15 de febreiro do ano seguinte por falecemento, xubilación, excedencia voluntaria, pasaxe a situación de servizos especiais, cesamento de conformidade co punto 2 do artigo 14 deste regulamento, separación do servizo, nomeamento para algún dos cargos mencionados no artigo seguinte ou cesamento por causas excepcionais a que se refire o punto 3 do artigo 15 deste regulamento, realizaranse convocatorias especiais de provisión de postos de traballo no estranxeiro reservados aos funcionarios da carreira diplomática nas cales se observará o disposto neste regulamento con excepción dos prazos, cando por necesidades do servizo deban ser provistos antes da convocatoria anual.

2. Os funcionarios que poidan participar na convocatoria xeral do procedemento de provisión de postos de traballo no estranxeiro reservados aos funcionarios da carreira diplomática poderán igualmente facelo nas convocatorias especiais do mesmo ano.

3. Ata que se produza a resolución das correspondentes convocatorias, os postos de traballo a que se refire o punto primeiro poderán ser cubertos, en caso de urxente e inaprazable necesidade, en comisión de servizos ou en adscrición provisional de acordo co establecido no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, por funcionarios da carreira diplomática.

4. O desempeño dun posto con carácter provisional por calquera dos procedementos previstos no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, non se considerará como un novo destino e computarase como de permanencia no posto de orixe. Non obstante, se se obtén na oportuna convocatoria destino definitivo no posto de traballo desempeñado provisionalmente, o tempo de servizo prestado nel será tido en conta para efectos de consolidación do grao persoal correspondente ao dito posto e para os efectos do cómputo dos períodos de desempeño recollidos no artigo 15 deste regulamento.

Artigo 24. *Funcionarios exceptuados das disposicións do presente capítulo.*

1. Salvo no caso de participación voluntaria nos procedementos de provisión de postos de traballo no estranxeiro, quedan exceptuados das disposicións do presente capítulo os funcionarios da carreira diplomática que se encontren en servizos especiais, os altos cargos da Administración xeral do Estado, os que estean ao servizo da Casa da Súa Maxestade o Rei e quen ocupe algún dos seguintes postos:

- a) Presidente do Consello Superior de Asuntos Exteriores.
- b) Director da Escola Diplomática.
- c) Inspector xeral xefe de Servizos.
- d) Xefe da Asesoría Xurídica Internacional.
- e) Xefe do Gabinete dos secretarios de Estado, subsecretario e secretarios xerais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e dos presidentes ou directores dos organismos públicos adscritos a este departamento.
- f) Os cargos directivos da AECID.

2. O tempo que os funcionarios da carreira diplomática permanezan nos postos ou situacións indicados no punto anterior computarase, se así o solicita o interesado dentro do prazo establecido no artigo 17, como se fosen desempeñados en España ou no estranxeiro, segundo o lugar onde se exercesen as funcións ou se desempeñase o cargo correspondente, para os efectos do disposto no artigo 16.

Artigo 25. *Adscrición provisional.*

Os funcionarios da carreira diplomática que, con posterioridade ao 31 de xaneiro de cada ano, cesen no seu posto e non sexan nomeados para desempeñar outro, serán adscritos provisionalmente a un posto nos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e deberán participar, sempre que reúnan os requisitos exixidos, na primeira convocatoria para a provisión de postos de traballo reservados aos funcionarios da carreira diplomática que se convoque.

#### CAPÍTULO IV

#### **A Xunta da Carreira Diplomática**

Artigo 26. *Natureza, integración e funcións.*

A Xunta da Carreira Diplomática, integrada administrativamente na Subsecretaría do Departamento, é o órgano colexiado asesor do ministro e do subsecretario do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación en materia de ascensos e provisión de postos de traballo no estranxeiro regulados no presente regulamento.

A Xunta, ademais das funcións que se lle atribúen nos artigos 8, 9, 10, 14, 15, 16, 18, 19 e 20 do presente regulamento, asesorará o ministro ou, se é o caso, o subsecretario sobre cantas cuestións relativas á carreira diplomática estime pertinentes e as que sexan sometidas a consulta polo ministro ou o subsecretario.

Artigo 27. *Composición.*

A Xunta da Carreira Diplomática estará composta polos seguintes membros:

- a) O subsecretario de Asuntos Exteriores e de Cooperación, que a presidirá.
- b) O director xeral do Servizo Exterior do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, quen poderá actuar de presidente por delegación do subsecretario.
- c) O inspector xeral de Servizos.
- d) O subdirector xeral de Persoal.
- e) Un representante pola categoría de embaixador; un representante por cada unha das categorías de ministro plenipotenciario de primeira e segunda clase; dous

representantes polas categorías de ministro plenipotenciario de terceira e de conselleiros de embaixada; dous representantes por cada unha das outras categorías de secretario de embaixada que reúnan as seguintes condicións: ser elixidos polos funcionarios das súas categorías e estar destinados no Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación ou en organismos públicos adscritos a este.

f) O subdirector xeral adxunto de Persoal, que actuará en calidade de secretario, con voz pero sen voto.

Os directores xerais e o secretario xeral técnico do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación serán convocados ás reunións da Xunta, nas cales terán voz pero non voto, salvo aqueles de que dependa funcionalmente o posto de cuxa provisión se trate.

#### Artigo 28. *Elección dos representantes das categorías.*

1. Os vogais que representen as categorías da carreira diplomática serán elixidos polos funcionarios diplomáticos en activo da respectiva categoría.

Os funcionarios da carreira diplomática que desempeñen algún dos postos enumerados no artigo 24 ou se encontren en situación de servizos especiais son inelixibles.

2. Nos vinte primeiros días do mes de decembro anterior ao ano en que deban celebrarse eleccións, a Dirección Xeral do Servizo Exterior remitirá a todos os funcionarios da carreira diplomática a relación dos funcionarios destinados nos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación ou nos organismos públicos adscritos a este.

No curso do mes de xaneiro do ano seguinte, os funcionarios da carreira diplomática remitirán á Dirección Xeral do Servizo Exterior, pola vía que se estableza, o seu voto, que será secreto.

Os funcionarios da carreira diplomática con categoría de embaixador, ministro plenipotenciario de primeira ou segunda clase ou secretario de embaixada de segunda ou de terceira clase elixirán un representante e dous suplentes por categoría. Os que teñan categoría de ministro plenipotenciario de terceira clase, conselleiro de embaixada ou secretario de embaixada de primeira clase elixirán dous representantes e dous suplentes por cada un deles. Emitiranse tantos votos como postos haxa que cubrir, sen distinción entre vogais e suplentes. A elección como vogal ou suplente efectuarase en función do número de votos obtidos por cada candidato.

Os funcionarios da carreira diplomática soamente poderán votar a favor de funcionarios da súa categoría.

Inmediatamente despois da recepción dos votos, a Xunta da Carreira Diplomática procederá á contaxe destes, proclamará como elixidos os que obteñan maior número de votos e, en caso de empate, os que teñan maior antigüidade na categoría. Ao acto da contaxe de votos poderán asistir todos os funcionarios da carreira diplomática.

3. O mandato dos representantes das categorías será de dous anos. O ascenso a unha categoría superior supoñerá o seu cesamento como vogal da Xunta. Neste caso, e nos de renuncia ou de cesamento no seu posto nos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación ou nos organismos públicos adscritos a este, os vogais serán substituídos polos seus suplentes ata o termo do seu mandato.

4. En caso de renuncia ou de cesamento no seu posto nos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación ou nos organismos públicos adscritos a este de todos os representantes e suplentes dunha categoría, ou da maioría destes, a Xunta da Carreira Diplomática poderá convocar eleccións para cubrir os postos vacantes ata o final do mandato e non se aplicarán neste caso os prazos previstos no punto segundo deste artigo. Non obstante, a Xunta da Carreira Diplomática poderá decidir a renovación total dos representantes das categorías.

Artigo 29. *Funcionamento da Xunta da Carreira Diplomática.*

1. A Xunta da Carreira Diplomática rexerese, en canto ao seu funcionamento, polo disposto neste regulamento e, no non recollido nestas disposicións, polos preceptos recollidos para os órganos colexiados no título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A Xunta da Carreira Diplomática reunirase, logo de convocatoria do seu presidente, o primeiro luns do mes de febreiro do ano en que se celebren eleccións, para os efectos do previsto no artigo 28; nos meses de marzo e abril, para efectuar a proposta de provisión de postos de traballo no exterior dos funcionarios da carreira diplomática, e no mes de outubro, para a clasificación de postos a que se refire o punto 3 do artigo 14.

Reunirase tamén sempre que sexa necesario para o cumprimento das demais funcións que se lle encomendan no presente regulamento e cando a convoque o seu presidente, por iniciativa propia ou de cinco dos seus vogais.

3. A Xunta da Carreira Diplomática non se poderá constituír sen a presenza do seu presidente ou suplente, do secretario ou do seu substituto, e de dez dos seus vogais.

4. Os acordos tomaranse por maioría simple, salvo o disposto no artigo 8 deste regulamento. O presidente dirimirá co seu voto os empates.

5. Os membros da Xunta da Carreira Diplomática non poderán participar na elaboración de propostas sobre asuntos que o afecten persoal e directamente.

#### CAPÍTULO V

#### **A provisión de postos de libre designación nos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación**

Artigo 30. *Convocatoria xeral.*

1. Antes do 1 de maio de cada ano, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación efectuará unha convocatoria pública para cubrir os postos de libre designación reservados aos funcionarios da carreira diplomática vacantes nos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Así mesmo, convocarase a cobertura de cantos outros postos nos servizos centrais do departamento se xulgue necesario ou conveniente.

O dito prazo non obstará para que durante o resto do ano se convoquen os postos mediante o procedemento de libre designación que se consideren necesarios.

2. A convocatoria, ademais da descrición dos postos vacantes e dos requisitos necesarios para o seu desempeño, especificará os elementos que se vaian valorar nos candidatos.

3. Ademais de divulgarse de acordo co establecido no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, a Dirección Xeral do Servizo Exterior do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación comunicará a convocatoria a todas as misións diplomáticas, representacións permanentes, oficinas consulares de España e aos órganos superiores e directivos do departamento para a súa difusión entre os funcionarios da carreira diplomática, e procurará a súa comunicación individual a todos eles.

Artigo 31. *Solicitudes.*

As solicitudes, con expresión, por orde de preferencia, dos postos de traballo que o interesado aspira a desempeñar, dirixiranse ao órgano convocante no prazo de quince días hábiles desde a publicación da convocatoria.

Artigo 32. *Informes.*

Os nomeamentos requirirán o informe previo, emitido no prazo de quince días naturais, dos titulares das unidades a que estean adscritos os postos de traballo que haxa que cubrir, no cal se valorarán os méritos dos candidatos.

**Artigo 33. Grupo de traballo.**

O subsecretario de Asuntos Exteriores e de Cooperación, co fin de apreciar adecuadamente a idoneidade das candidaturas presentadas, poderá pedir o asesoramento non vinculante dun grupo de traballo, do cal poderán formar parte altos cargos e outro persoal directivo do departamento, así como tres membros da Xunta da Carreira Diplomática en representación das categorías de ministros, conselleiros e secretarios.

**Artigo 34. Nomeamentos.**

Os nomeamentos deberanse efectuar no prazo e na forma prevista nas disposicións reguladoras da función pública da Administración xeral do Estado.

**Artigo 35. Convocatorias especiais.**

Unha vez resolta a convocatoria xeral para cubrir os postos de libre designación reservados aos funcionarios da carreira diplomática nos servizos centrais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, os postos desta natureza que queden vacantes poderanse prover mediante convocatorias especiais de conformidade co procedemento regulado neste capítulo. Así mesmo, poderase convocar a cobertura de cantos outros postos nos servizos centrais do departamento se xulgue necesario ou conveniente.

## CAPÍTULO VI

**Dos xefes de misión diplomática****Artículo 36. Dos xefes de misión diplomática.**

Sen prexuízo de que o Goberno no exercicio da súa facultade discrecional poida designar como embaixadores persoas non pertencentes á carreira diplomática, cando a designación se vaia producir entre funcionarios da dita carreira, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación poderá contar, co obxecto de elevar a proposta ao Consello de Ministros, coa asistencia do subsecretario de Asuntos Exteriores e de Cooperación, na súa calidade de xefe de persoal e da carreira diplomática, que pedirá a opinión dos secretarios de Estado do departamento e do director do gabinete do ministro.

**Artigo 37. Clasificación das misións diplomáticas e representacións permanentes.**

1. Para efectos da designación entre funcionarios da carreira diplomática de embaixadores extraordinarios e plenipotenciarios, embaixadores representantes permanentes e encargados de negocios con cartas de gabinete, as misións diplomáticas e representacións permanentes clasifícanse, en atención á importancia cuantitativa e cualitativa das relacións bilaterais, nos grupos I, II e III.

2. A clasificación corresponderalle ao ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, que contará coa asistencia prevista no artigo anterior e poderá ser modificada cando se aprecien cambios nas relacións internacionais que así o aconsellen.

3. As misións diplomáticas e representacións permanentes do grupo III non poderán superar o 25 % do total.

**Artigo 38. Convocatoria.**

Antes do 15 de outubro de cada ano, o ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación anunciará a listaxe das xefaturas de misión que se preveza cubrir no ano seguinte con suxeición ao procedemento establecido neste capítulo.

En calquera momento, a listaxe poderá ser discrecionalmente modificada polo ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, co fin de excluír do procedemento unha ou varias xefaturas de misión.

*Artigo 39. Solicitudes.*

Antes do 30 de outubro de cada ano, os funcionarios da carreira diplomática que reúnan os requisitos expresados no artigo seguinte poderán presentar a súa solicitude, por orde de preferencia, para aquela ou aquelas xefaturas de misión incluídas na convocatoria a que se refire o artigo anterior e para o desempeño das cales considere reunir competencia profesional.

*Artigo 40. Requisitos dos candidatos.*

1. Para poder presentar a súa solicitude, os funcionarios da carreira diplomática deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Misións diplomáticas e representacións permanentes do grupo I:
  - 1.º Ter ao menos a categoría de ministro plenipotenciario de terceira clase.
  - 2.º Ter ocupado previamente unha xefatura de misión.
- b) Misións diplomáticas e representacións permanentes do grupo II:
  - 1.º Ter ao menos a categoría de ministro plenipotenciario de terceira clase.
  - 2.º Ter desempeñado, durante ao menos tres anos, un posto directivo nas administracións públicas, na Casa da Súa Maxestade o Rei, nos órganos constitucionais, na Unión Europea ou nunha organización internacional.
  - 3.º Ter desempeñado, durante ao menos tres anos, unha segunda xefatura de misión ou un posto de cónsul xeral.
- c) Misións diplomáticas e representacións permanentes do grupo III:
  - 1.º Ter ao menos a categoría de conselleiro de embaixada.
  - 2.º Ter ao menos vinte anos de antigüidade na carreira diplomática.
  - 3.º Ter desempeñado, durante ao menos dous anos, un posto directivo nas administracións públicas, na Casa da Súa Maxestade o Rei, nos órganos constitucionais, na Unión Europea ou nunha organización internacional.
  - 4.º Ter desempeñado, durante ao menos dous anos, unha segunda xefatura de misión ou un posto de cónsul xeral.

2. Os funcionarios da carreira diplomática que ocupasen un alto cargo na Administración xeral do Estado quedarán exentos do cumprimento dos requisitos expresados nas letras a), b) e c) do punto anterior salvo o de desempeñar a categoría necesaria.

*Artigo 41. Elementos que hai que valorar.*

1. Para valorar os candidatos teranse en conta, en función das características do posto, criterios de competencia profesional e experiencia e, particularmente, os seguintes:

- a) Desempeño previo de postos con funcións de análise política e económica.
- b) Capacidade de dirección de equipos.
- c) Coñecemento do idioma local.
- d) Capacidade negociadora, de diálogo e de relación.
- e) Experiencia previa da zona en que se solicite o posto.
- f) Experiencia en xestión orzamentaria e de persoal.
- g) Experiencia en xestión de situacións de crise.
- h) Experiencia consular.
- i) Experiencia en xestión e control de programas de cooperación.
- j) Experiencia en xestión cultural.

2. Non se terán en conta as solicitudes dos funcionarios da carreira diplomática para unha terceira xefatura de misión con carácter consecutivo.

3. O subsecretario de Asuntos Exteriores e de Cooperación, tras examinar as solicitudes presentadas e oídos os secretarios de Estado do departamento e o director do gabinete do ministro, poderá convocar os candidatos que considere necesarios para a realización dunha entrevista persoal co fin de valorar máis adecuadamente os elementos expresados no punto 1.

*Artigo 42. Presentación dunha terna de candidatos.*

Antes do 31 de decembro de cada ano, o subsecretario de Asuntos Exteriores e de Cooperación, na súa calidade de xefe de persoal e da carreira diplomática, elevará ao ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, sen carácter vinculante, unha terna de candidatos, con orde de preferencia, para ocuparen as xefaturas de misión que se prevexa cubrir de acordo co procedemento regulado neste capítulo.

*Artigo 43. Xefaturas de misión que resulten vacantes.*

Salvo decisión en contrario do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, cubriranse polo procedemento regulado neste capítulo, coa excepción dos prazos, as xefaturas de misión de nova creación e aquelas que quedasen vacantes por falecemento, xubilación ou cesamento do anterior xefe de misión e que por necesidades do servizo deban ser cubertas.

*Artigo 44. Toma de posesión e cesamento dos xefes de misión.*

Sen prexuízo do que, en exercicio da súa potestade discrecional, resolva o órgano competente para efectuar a designación, os xefes de misión designados a través do procedemento regulado neste capítulo tomarán posesión do seu posto preferentemente ao longo do mes de agosto de cada ano e cesarán no mes anterior a aquel en que cumpran catro anos desde a súa toma de posesión nas misións diplomáticas e representacións permanentes dos grupos I e II, e no mes anterior a aquel en que cumpran tres anos nas do grupo III.

## CAPÍTULO VII

### **A formación dos funcionarios da carreira diplomática**

*Artigo 45. Normas xerais.*

O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación promoverá a formación continua dos funcionarios da carreira diplomática para o perfeccionamento e actualización dos seus coñecementos.

*Artigo 46. Formación dos funcionarios da carreira diplomática destinados ao estranxeiro.*

Os funcionarios da carreira diplomática que sexan destinados ao estranxeiro realizarán cursos específicos, organizados pola Escola Diplomática, en función das características do posto de traballo que vaian desempeñar, para o perfeccionamento e especialización dos seus coñecementos.

*Artigo 47. Formación continua dos funcionarios da carreira diplomática.*

Sen prexuízo do sinalado no artigo anterior, os funcionarios da carreira diplomática realizarán periodicamente cursos de especialización nas áreas da súa competencia, en particular, nas de relacións exteriores, diplomáticas, consulares e de cooperación.



Os ditos cursos combinarán sesións teóricas e prácticas e visitas de estudos, e desenvolveranse de acordo cun calendario que permita o seu seguimento sen menoscabo das necesidades do servizo.

Artigo 48. *Cursos de ascenso ás categorías de conselleiro e de ministro plenipotenciario de terceira clase.*

A Escola Diplomática, en colaboración con outras unidades do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, organizará todos os anos os correspondentes cursos de ascenso á categoría de conselleiro e de ministro plenipotenciario de terceira clase, destinados aos funcionarios da carreira diplomática coa categoría de secretario e de conselleiro, respectivamente. Nestes cursos daráselles especial importancia a aquelas materias que contribúan á formación para o desempeño das xefaturas de misión.

En caso de non superar calquera destes cursos, o funcionario estará facultado para repetilo unha soa vez máis.

Disposición adicional primeira. *Funcionarios da carreira diplomática destinados no Servizo Europeo de Acción Exterior.*

1. Para todos os efectos previstos neste regulamento, os postos de xefe de delegación e de representante especial da Unión Europea desempeñados por funcionarios da carreira diplomática equipáranse ás xefaturas de misión do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2. Para todos os efectos previstos neste regulamento, os postos directivos no Servizo Europeo de Acción Exterior desempeñados por funcionarios da carreira diplomática equipáranse aos postos directivos no Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Disposición adicional segunda. *Uniforme.*

Por orde do ministro de Asuntos Exteriores e Cooperación regularanse as características e condicións de uso do uniforme da carreira diplomática.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas neste regulamento non supoñen incremento de dotacións, de retribucións, nin doutros gastos de persoal e, en xeral, non poderán supor un incremento do gasto público en ningún concepto.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio do procedemento de ascenso á categoría de conselleiro de embaixada e de ministro plenipotenciario de terceira clase.*

Ata que transcorra un prazo de cinco anos desde a entrada en vigor deste regulamento, non se exixirá, para o ascenso ás categorías de conselleiro e de ministro plenipotenciario de terceira clase, a superación do curso selectivo previsto no punto 2 do artigo 9 e no punto 1, letra c) do artigo 10 deste regulamento, respectivamente.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio da presentación de candidaturas para ocupar unha xefatura de misión.*

Ata que transcorra un prazo de cinco anos desde a entrada en vigor deste regulamento, non se exixirá, para a presentación de solicitudes para ocupar unha xefatura de misión dos grupos II e III, o cumprimento dos requisitos previstos nas letras b) e c) do punto 1 do artigo 40, salvo o de desempeñar a categoría necesaria.